

Europe → 10 e 15‰
 Asia → 38‰
 Am N → 14‰
 Am C → 15‰
 Am S → 0

Alc → 20‰
 Oceano → 10‰

1 A dinámica da poboación. A natalidade

PRESTA ATENCIÓN

Taxa bruta de natalidade (Tbn)

$$Tbn = \frac{N.º \text{ de nacementos}}{N.º \text{ de habitantes}} \times 1.000$$

A **demografía** é a ciencia que estuda a poboación dun territorio. É unha parte da xeografía que, coa axuda da **estatística**, analiza a cantidade de poboación, a súa dinámica, os seus desprazamentos e a súa estrutura por idade, sexo ou por actividade.

Para coñecer a **dinámica da poboación** temos que analizar as defuncións, os nacementos e os movementos migratorios.

A natalidade

→ A **natalidade** é o **número de nacementos** habidos nun territorio ao longo dun período de tempo, en xeneral un **ano**. Para poder avaliar se esa cifra é alta ou baixa, calcúlase a **taxa bruta de natalidade** (Tbn), que se obtén dividindo o número de nacidos nun ano entre a poboación dese territorio e multiplicando o resultado por mil. Exprésase en tantos por mil (‰).

A taxa bruta de natalidade do mundo é na actualidade do **20‰**, pero hai grandes contrastes entre rexións. (1) Os países europeos e os de América do Norte teñen unha taxa de natalidade moi baixa porque son sociedades cunha porcentaxe elevada de persoas anciás, con pouca capacidade para ter fillos. Por outra parte, en África e en Asia encóntanse as taxas máis altas porque teñen unha elevada porcentaxe de persoas novas e adultas en idade de ter fillos.

1 INTERPRETA O MAPA.

- En que continente hai máis países cunha taxa de natalidade alta?
- En cal hai máis países con taxas baixas?

→ O **índice conxuntural de fecundidade** é un cálculo estatístico que informa do número medio de fillos por muller. (2)

1. TAXA BRUTA DE NATALIDADE NO MUNDO. ANO 2015



P. América → taxa de 10‰
 África → taxa de 30‰

P. América → > 30‰
 (África)

Planificación familiar / Asuncións (taxas + ↓)

→ Pasos na transición dos Estados

Retraso na idade de ter fillos e $\text{O} \rightarrow \text{A}$ \rightarrow mulleres empiezan a traballar

Factores que interveñen na natalidade

A taxa bruta de natalidade dun país é alta, baixa ou media dependendo de varios factores:

• **Factores económicos.** A natalidade diminúe coas crises económicas, mentres que aumenta en épocas de bonanza.

Por outra parte, a natalidade é alta nas sociedades rurais, onde os fillos traballan e colaboran no mantemento da familia desde idades temperás, mentres que nas sociedades urbanas, a natalidade é baixa porque a crianza dos fillos é máis cara e a súa incorporación ao mundo laboral é tardía, a partir dos 16 anos.

• **Factores culturais.** En algunhas sociedades con fortes crenzas relixiosas, poden estar prohibidos os métodos anticonceptivos e as mulleres teñen máis fillos ca nas sociedades en que non o están.

• **Factores sociais.** Nas sociedades en que a muller se incorporou masivamente ao mundo laboral e pode decidir o número de fillos que quere ter, a natalidade é menor ca naquelas en que se lle nega ese dereito.

Taxas ↑ + inq. => + fillos (p. subdesarrollados)

CLAVES PARA ESTUDAR

- Define: taxa bruta de natalidade, índice conxuntural de fecundidade.
- Como é a taxa bruta de natalidade en distintas rexións do mundo?
- Que factores inflúen na natalidade? Como o fan?

PENSA. Unha gran parte dos nenos que nacen fano en sociedades netamente rurais. Por que?

+ Factores → Bioloxía - pob. xaxa el idade de tener taxa (p. subdesarrollados)


DESCUBRE

As políticas demográficas

Os Gobiernos adoptan ás veces políticas demográficas para fomentar ou reducir a natalidade, segundo as súas circunstancias.

En Europa, tenden a aplicar políticas natalistas para solucionar os problemas derivados dunha natalidade escasa, xa que a diminución do número de fillos por muller pon en risco o relevu xeracional.

Non obstante, os países con altas taxas de natalidade teñen problemas na repartición dos recursos e optan por políticas antinatalistas.



2. EVOLUCIÓN DO ÍNDICE CONXUNTURAL DE FECUNDIDADE

POLÍTICAS NATALISTAS	POLÍTICAS ANTINATALISTAS
<ul style="list-style-type: none"> • Favorecer a <u>redución das horas de traballo</u> para que nais e pais poidan atender e educar os fillos nos seus primeiros meses. • Crear ou apoiar a creación de <u>escolas infantís</u>. • Reducir a <u>fiscalidade</u> ás parellas que teñen máis dun fillo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sancionar con <u>multas</u> os que <u>teñen máis fillos dos permitidos</u>, mesmo se chega a esterilizar as mulleres para que non poidan ter máis fillos. • Fomentar o uso de <u>anticonceptivos</u>, limitar a presión dos grupos relixiosos máis tradicionais sobre as mulleres e as familias, etc.

2. USA AS TIC.

• Busca información sobre a política antinatalista de China do fillo único. Cando se aplicou? Como afectou á fecundidade? Compróboo no gráfico.

- Como evolucionou a fecundidade en Iemen?
- Cal foi a evolución da fecundidade no mundo?

3. TOMA A INICIATIVA. Analiza a evolución do índice conxuntural de fecundidade e explica que tipo de política demográfica propós para España e Malí e por que.

Mortalidade

- P. Avanzados / más < 10% (taxas baixas)
- P. en vías / Avanzados entre 10-15%
- P. subdesarrollados > 15%

Mortalidade 2018
> 5% - Avanzados
- 0-10%
- subdesarrollados

2

A mortalidade e a esperanza de vida

Esperanza vida

P. Avanzados
P. en vías
P. subdesarrollados

- 4 INTERPRETA O MAPA.**
Que países teñen a esperanza de vida máis alta? En que continentes se encontran?
- 5 TRABALLO CO ATLAS.**
Analiza o planisferio da mortalidade no mundo.
- Que continente ten as taxas máis altas?
 - Compara os datos dese mapa cos do da esperanza de vida desta páxina. Que conclusións obtés?
 - Coinciden os países cunha maior taxa de mortalidade e os que teñen unha esperanza de vida máis elevada?

A **mortalidade** é o **número de falecementos** que hai nun territorio ao longo dun ano. Para avaliar se esa cifra é alta ou baixa úsase a **taxa bruta de mortalidade (Tbm)**. Obtense dividindo o número de defuncións entre a poboación dun territorio e multiplicando o resultado por mil. Exprésase en tantos por mil (%).

A taxa bruta de mortalidade do mundo descendeu desde mediados do século XX do 20% a un 8% na actualidade, pero hai grandes contrastes entre rexións.

Na mortalidade intervéñ tamén a **esperanza de vida**, que indica o **que vivirá unha persoa de media**. (3)


1 - JAPON = 84
2 - SUÍZA = 83,3
3 - NORUEGA = 83,1

Ao estudar a mortalidade dun país tense en conta tamén a **mortalidade infantil**, que é o número de nenos falecidos menores dun ano. A **taxa de mortalidade infantil (Tmi)** divide o número de nenos menores dun ano falecidos nun ano entre o total dos nacementos e multiplícao por 1.000.

A mortalidade infantil reduciuse máis de tres veces desde mediados do século XX, pero existen profundas diferenzas entre os países ricos e os pobres. Os primeiros reduciron a Tmi por debaixo do 5%, mentres que na África subsahariana e no sur de Asia, rexións coas maiores taxas de mortalidade infantil, está arredor do 70 u 80%. En 2015 hai países, como Angola e República Centroafricana, con taxas superiores ao 90%. As causas son a pobreza extrema, que implica desnutrición, falta de asistencia médica...; e os conflitos bélicos.

P. Avanzados = > 74
P. En vías = Entre 55-74
P. subdesarrollados = < 55

3. ESPERANZA DE VIDA AO NACER



Factores que interveñen na mortalidade

Na mortalidade inflúen diversos factores:

- **A alimentación.** As persoas ben alimentadas adoitan presentar unha boa saúde, teñen menor risco de enfermarse e recupéranse antes en caso de enfermidade. A fame e a desnutrición, consecuencias da pobreza, son a principal causa de falecemento nos países menos desenvolvidos, especialmente entre a poboación infantil. Nos países máis desenvolvidos, a sobrealimentación, con dietas ricas en colesterol, etc., aumenta as cifras de mortalidade. *(Malnutrición calórica e proteica)*
- **O acceso a servizos de hixiene e sanitarios.** O acceso á auga potable e as redes de sumidoiros evitan enfermidades e repercuten nunha maior esperanza de vida. Tamén a asistencia sanitaria e os adiantos médicos reducen a mortalidade. Os cidadáns dos países desenvolvidos acceden a estes servizos, mentres que os dos países menos desenvolvidos non teñen posibilidade.

O crecemento natural ou vexetativo

O crecemento natural ou vexetativo indica o incremento dunha poboación por causas biolóxicas: os nacementos e as defuncións. Para medilo utilízase o índice de crecemento natural, que é o resultado de restar as defuncións aos nacementos.

O índice de crecemento natural da poboación mundial foi diminuindo nas últimas décadas, ata situarse por debaixo do 1,2% en 2014. Pero hai grandes diferenzas entre rexións:

- **É moi baixo nos países desenvolvidos**, arredor do 0,2%, e incluso negativo, é dicir, a poboación absoluta decrece. A consecuencia é o envellecemento da poboación, xa que a poboación nova se reduce respecto á poboación maior (65 ou máis anos). Isto orixina un aumento no gasto sanitario, nas pensións de xubilación, etc., que debe cubrir unha poboación activa cada vez menos numerosa.
- Nos **países menos desenvolvidos** é máis alto, por encima do 2%. A alta mortalidade infantil e outras causas manteñen a esperanza de vida baixa. Por iso, menos do 5% da poboación chega aos 65 anos e, en consecuencia, é moi numerosa a poboación nova.

PRESTA ATENCIÓN

Taxa bruta de mortalidade (Tbm)

$$Tbm = \frac{\text{N.º de falecementos}}{\text{Total habitantes}} \times 1.000$$

Taxa de mortalidade infantil (Tmi)

$$Tmi = \frac{\text{N.º de nenos < 1 ano falecidos}}{\text{N.º de nacementos}} \times 1.000$$

Creceemento natural (C_n)

$$\text{nacementos} - \text{defuncións}$$

6 **TRABALLO CO ATLAS.** Busca o planisferio da taxa de crecemento natural no atlas.

- Que países teñen as taxas de crecemento máis altas? En que continentes están?
- Que taxas predominan no continente europeo?

CLAVES PARA ESTUDAR

- Que é a taxa bruta de mortalidade? Que relación ten coa esperanza de vida ao nacer? Que factores inflúen na mortalidade?
- Explica as consecuencias que teñen nos distintos elementos da poboación dun país un crecemento natural positivo e un decrecemento.
- Que consecuencias terá en aspectos como a educación ou a sanidade que o crecemento demográfico supere o crecemento dos recursos?

PENSA. Estados Unidos é o país máis rico do mundo e ten unha esperanza de vida de 76,5 anos para os homes e de 81,3 para as mulleres. A de Portugal é de 77,3 e 83,6, respectivamente. Que pode explicar que un país menos rico ca outro teña unha esperanza de vida maior?

PRESTA ATENCIÓN

Saldo migratorio
inmigrantes - emigrantes

$$\begin{aligned} (+) I > E \\ (-) E > I \end{aligned}$$

6. PAÍSES CON MAIOR E MENOR SALDO MIGRATORIO



8 INTERPRETA O GRÁFICO.

- Que países teñen o saldo migratorio máis negativo? En que continente están?
- A partir do saldo migratorio deses países, calcula a súa taxa de migración neta. Para facelo, busca en <http://datos.bancomundial.org/indicador/SP.POP.TOTL> a súa poboación total.

9 TRABALLO CO ATLAS. Busca no atlas o mapa dos fluxos migratorios no mundo.

- De que continentes saen os principais fluxos migratorios?
- Cara a que zonas se dirixen?
- Que causas cres que motivan cada un deses fluxos?

Os **movementos migratorios** son todos os desprazamentos de poboación que supoñen un **cambio no lugar de residencia** e que **non** están motivados por ocio.

Chamamos **emigración** á saída de persoas dun territorio para residir noutro. **A inmigración**, en cambio, é a **chegada** de persoas a un lugar para residir nel.

O **saldo migratorio** é o resultado de **restar** os emigrantes aos inmigrantes que chegan a un lugar.

As causas das migracións

Ao longo da historia houbo fluxos ou **correntes migratorias**, que son desprazamentos dun gran número de persoas desde un país ou conxunto de países cara a outros.

Na **actualidade**, observamos fortes correntes migratorias desde **África** e distintas zonas de **Asia** cara a Europa, e desde **Latinoamérica** cara a **Norteamérica**, (6)

As causas das migracións son variadas:

- **Causas socioeconómicas.** Están relacionadas coa busca de **melloras laborais** ou porque non se encontra traballo nos lugares de orixe. Tamén as persoas emigran pola busca dun **maior nivel de vida**, por obter **mellores servizos**, sanidade, educación, etc., ou unha **vivenda mellor**.
- **Causas naturais.** Están provocadas polos **desastres naturais**, como as **prolongadas secas**, a **desertización**, as **inundacións**, os **terremotos**, etc., que acaban cos medios de vida das persoas, que se ven obrigadas a buscar outros lugares para **subsistir**.
- **Causas políticas.** Prodúcese pola **fuxida da persecución** ou da **represión** por parte de **Gobernos ditatoriais** ou **autoridades relixiosas**. En ocasións, este tipo de migracións obedecen á **expulsión deliberada** da poboación dun país por **causas étnicas**. As **guerras** tamén ocasionan a **emigración** dunha parte da poboación, que quere **escapar da violencia**, das **atrocidades** e da **represión**.

↑ *10 causas distintas*

Os tipos de migracións

As migracións son de diferente tipo segundo a duración, a distancia que se percorra e o motivo do desprazamento.

- **Migracións segundo a duración.** Poden ser **definitivas**, que son aquelas en que o emigrante permanece no lugar de destino e non regresa ao da súa orixe; e **temporais**, se os emigrantes volven ao territorio de orixe ao cabo dun tempo. Un caso especial son os desprazamentos temporais ligados á recollida de colleitas.
- **Migracións segundo o destino.** Poden ser **exteriores ou internacionais**, se os emigrantes se desprazan ao estranxeiro e trasladan a súa residencia a outro país; e **interiores ou nacionais**, cando son desprazamentos dentro do propio país. Nas migracións interiores inclúense os **movementos pendulares**, que se producen diariamente entre o lugar de residencia e o de traballo ou de estudo, e tamén os desprazamentos desde o medio rural cara ás cidades do propio país. → EXODO RURAL
- **Migracións segundo o motivo do desprazamento.** Poden ser **migracións voluntarias**, cando o emigrante decidiu libremente saír, por exemplo, por motivos económicos; ou **migracións forzadas**, cando algo ou alguén obriga o emigrante a partir. Estas últimas adoitan obedecer a causas naturais ou políticas. Ao longo da historia producíronse numerosas migracións forzadas, como a trata de escravos entre África e América no século XIX.

CLAVES PARA ESTUDAR

- Define: emigrante, inmigrante, saldo migratorio.
- Explica as causas que orixinan as migracións.
- Que tipos de migracións hai? Explicaas.

PENSA Consideras que os desprazamentos de persoas que cambian o seu lugar de residencia cando se xubilan son migracións? De que tipo poden ser?

Entre CCAA (mezclas, Andalucía, Extremadura, Galicia ⇒ núcleos + industria, cara P. Vasco + Madrid + Cataluña + C. Valenciana)

SABER MÁIS

As tendencias das migracións na actualidade

A maioría das migracións que se producen no mundo, tanto nacionais coma internacionais, teñen un destino común: **as cidades**. Esta tendencia manterase nos próximos anos e pódese dicir que o crecemento urbano e as migracións van da man, o que provocou que a porcentaxe de poboación urbana no mundo estea en constante crecemento en detrimento da poboación rural. (7)

Aproximadamente a metade dos emigrantes internacionais que abandonan o seu país de orixe cada ano teñen como destino os países desenvolvidos, como **Estados Unidos, Canadá, Australia, países europeos ou Arabia Saudita**.

Nos continentes en desenvolvemento, como **África**, a súa poboación urbana non deixou de **crecer** nos últimos decenios grazas ás **migracións internas do medio rural**, que se dirixen cara ás grandes urbes, e prevese que o siga facendo no futuro.

Estes movementos migratorios con destino a espazos urbanos nos países en desenvolvemento provocaron a **construción de vivendas para os inmigrantes**. Non obstante, en moitos casos, non se puido dar unha resposta adecuada e xurdiron **barríos marginais** con problemas de salubridade en que viven os inmigrantes.



FORNTE: Organización Internacional das Migracións, 2015.

7. PORCENTAXE DE INMIGRANTES ESTRANXEIROS

FAUCCAJ, Villasmiera

10 CLAVES PARA ESTUDAR


- Que efectos positivos e negativos teñen as migracións nas zonas xeradoras de emigrantes?
- E nas zonas receptoras de inmigrantes?

PENSA. Visiona a película *The visitor* (2007), de Thomas McCarthy, ou ve o seu tráiler (<http://www.rtve.es/lacarta/videos/cinefilia/the-visitor-cinefilia-2-tve/2358447/>). Que dificultades encontran os inmigrantes que chegan a unha cidade dun país desenvolvido?

10 INTERPRETA O MAPA.

- Que país ten máis porcentaxe de inmigrantes estranxeiros? Por que cres que ocorre?
- Que continente ten a menor porcentaxe? Por que cres que ocorre?

8. PORCENTAXE DE INMIGRANTES ESTRANXEIROS



4

As consecuencias das migracións

As migracións teñen repercusións profundas nas poboacións porque modifican a estrutura demográfica, aumentan os contrastes rexionais e poden provocar problemas sociais e de desarraigamento. As consecuencias dos movementos migratorios son distintas para as rexións emisoras e as receptoras. (8)

Consecuencias nas zonas emisoras

Nas zonas emisoras de emigrantes **ten efectos negativos** na estrutura da poboación porque esta **envellece** ao emigrar as persoas máis novas. Non obstante, **ten efectos positivos** económicos porque **alivia os problemas de desemprego** e a **presión sobre os recursos**. Ademais, os emigrantes adoitan **enviar diñeiro** aos familiares que deixaron no seu lugar de orixe.

Consecuencias nas zonas de recepción

Nas zonas de recepción de inmigrantes **ten efectos positivos** na estrutura da poboación porque a chegada de poboación nova e adulta **aumenta a natalidade**, **rexuenece a poboación** e **fai crecer a poboación activa**. Tamén economicamente o **incremento da poboación en idade de traballar** **aumenta o consumo**, a **economía** e os **ingresos para a Seguridade Social**, se a **houbese**.


No aspecto social e cultural, **danse efectos positivos** porque **incrementa a diversidade cultural** da sociedade. Non obstante, **pódense producir efectos negativos**, como **esforzos económicos** para aplicar **políticas de integración dos inmigrantes**, e **poden xurdir fenómenos de marxinación, rexeitamento e xenofobia**.

DESCUBRE

Os refuxiados políticos: as migracións de conciencia

Os refuxiados son persoas que se ven **obrigadas** a abandonar o seu país porque temen ser **perseguidas, maltratadas ou asasinadas** por motivos de **etnia, relixión, lingua, ideoloxía, sexualidade ou opinión**.

Na actualidade, hai máis de 17,5 millóns de refuxiados, sen contar as persoas que solicitaron asilo, nin os apátridas, nin os refuxiados no interior do propio país. (9)

9. POBOACIÓN REFUXIADA POR PAÍSES DE ACOLLIDA

O **Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR)** foi fundado en 1951 para tratar de **garantir que todas as persoas perseguidas poidan regresar aos seus fogares ou ter asilo nun país**.



10. Aqeela Asifi recibiu o premio Nansen en 2015.

11 INTERPRETA O MAPA.

- Cales son os países que máis refuxiados acollen? Investiga en Internet que ocorre neses países.

12 USA AS TIC.

- Busca en Internet que é o premio Nansen. Quen o outorga? A quen se lle concede? A profesora Aqeela Asifi recibiu en 2015, consulta acnur.es/noticias/nota-de-prensa/2258-acnur-entrega-el-premio-nansen-2015-a-una-profesora-afgana-refugiada. Expón como é a vida dunha nena refuxiada.

- Por que Afganistán sofre unha longa crise de refuxiados? E Siria?